

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA de
RELIXIÓN CATÓLICA -EDUCACIÓN PRIMARIA

	<u>pág.</u>
INTRODUCCIÓN	4
CONTEXTO	4
ALUMNADO	5
XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN	5
OBXECTIVOS EN CLAVE DE COMPETENCIAS	6
OBXECTIVOS DA ETAPA VINCULADOS COA ÁREA	7
<u>1º EDUCACIÓN PRIMARIA</u>	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: COMPETENCIAS CLAVE	8
CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	9
UNIDADES DIDÁCTICAS: ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL	11
METODOLOXÍA. ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS	12
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	14
AVALIACIÓN DO ALUMNADO: CRITERIOS DE AVALIACIÓN	15
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	16
AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS. RÚBRICAS	16
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS	21
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	21
PROXECTO LECTOR	23
INTEGRACIÓN DAS TIC's	23
CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN	25
<u>2º EDUCACIÓN PRIMARIA</u>	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: COMPETENCIAS CLAVE	26
CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	27
UNIDADES DIDÁCTICAS: ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL	29
METODOLOXÍA. ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS	30
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	32
AVALIACIÓN DO ALUMNADO: CRITERIOS DE AVALIACIÓN	34
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	34
AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS. RÚBRICAS	36
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS	40
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	40
PROXECTO LECTOR	42
INTEGRACIÓN DAS TIC's	42
CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN	45
<u>3º EDUCACIÓN PRIMARIA</u>	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: COMPETENCIAS CLAVE	46
CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	48

	<u>páx.</u>
UNIDADES DIDÁCTICAS: ORGANIZACIÓN E	
DISTRIBUCIÓN TEMPORAL	50
METODOLOXÍA. ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS	51
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	53
AVALIACIÓN DO ALUMNADO: CRITERIOS DE AVALIACIÓN	55
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	55
AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS. RÚBRICAS	56
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS	60
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	60
PROXECTO LECTOR	62
INTEGRACIÓN DAS TIC's	62
CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN	66
<u>4º EDUCACIÓN PRIMARIA</u>	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: COMPETENCIAS CLAVE	67
CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	69
UNIDADES DIDÁCTICAS: ORGANIZACIÓN E	
DISTRIBUCIÓN TEMPORAL	71
METODOLOXÍA. ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS	72
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	74
AVALIACIÓN DO ALUMNADO: CRITERIOS DE AVALIACIÓN	75
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	76
AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS. RÚBRICAS	77
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS	80
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	80
PROXECTO LECTOR	82
INTEGRACIÓN DAS TIC's	83
CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN	87
<u>5º EDUCACIÓN PRIMARIA</u>	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: COMPETENCIAS CLAVE	88
CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	90
UNIDADES DIDÁCTICAS: ORGANIZACIÓN E	
DISTRIBUCIÓN TEMPORAL	92
METODOLOXÍA. ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS	93
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	95
AVALIACIÓN DO ALUMNADO: CRITERIOS DE AVALIACIÓN	96
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	97
AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS. RÚBRICAS	98
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS	101
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	101
PROXECTO LECTOR	103
INTEGRACIÓN DAS TIC's	103
CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN	107
<u>6º EDUCACIÓN PRIMARIA</u>	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: COMPETENCIAS CLAVE	108

	<u>páx.</u>
CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	109
UNIDADES DIDÁCTICAS: ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL	112
METODOLOXÍA. ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS	113
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	115
AVALIACIÓN DO ALUMNADO: CRITERIOS DE AVALIACIÓN	116
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	117
AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS. RÚBRICAS	118
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS	121
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	122
PROXECTO LECTOR	123
INTEGRACIÓN DAS TIC's	124
CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN	127
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	128

INTRODUCCIÓN

O Proxecto de Primaria está orientado para a sociedade da información e o coñecemento, e incorpora os principios pedagóxicos máis innovadores.

É un proxecto pensado para a Educación Integral que convive coas novas tecnoloxías, baseado no desenvolvemento das competencias e das intelixencias múltiples. Neste sentido, o proxecto foméntase nos piares seguintes:

- Interrelación das competencias e as intelixencias múltiples para ofrecer un programa ambicioso de desenvolvemento integral de todas as capacidades das persoas.
- Integración das TIC. Convivencia entre formato papel e formato dixital:
 - Actividades TIC integradas en secuencias de aprendizaxe.
 - Internet: investigación, selección e organización da información para transformala en coñecemento.
 - Actividades interactivas: progresiva adquisición de autonomía persoal na aprendizaxe (aplicables en lousa dixital interactiva).
- Un proxecto para todos. A realidade das nosas aulas mostra unha grande diversidade de ritmos e de estilos de aprendizaxe. O proxecto ofrece unha grande variedade de recursos cunha especial sensibilidade para atender a diversidade, de forma que todos poidan desenvolverse e se integrar de forma eficaz.

CONTEXTO

Este proxecto aplícase no CPI de Xanceda que está no concello de Mesía, na comarca de Ordes, provincia da Coruña. O centro está a catro quilómetros da estrada que vai de Santiago de Compostela a Curtis. Polo tanto os alumnos son do rural. Esta é unha zona de sector primario onde o sector industrial é mínimo.

O centro escolar consta de 11 unidades: 1 de Educación Infantil (4-5-6 anos), 6 de Educación Primaria e 4 da ESO.

A parte de ter matriculados alumnos que lle corresponden ao centro, tamén recibe alumnos que empezaron a súa formación académica nas escolas unitarias de Olas e Visantón. E nalguna ocasión, por motivos de traballo ou outros, veñen alumnos de colexios máis lonxe.

O horario escolar é de 9:30 h ata as 16:00 h incluídos os recreos da mañá e o de despois da comida.

O centro escolar consta de dous edificios unidos por unhas escaleiras. Un de Educación Primaria (onde antigamente foi sendo o edificio da EXB) co patio e un pavillón cedido polo concello que en horario lectivo é para uso docente e fora deste horario para os actos que dispoña o concello como pode ser a celebración dunha comida en maio para as persoas maiores. E despois está o de Educación Secundaria (construído en 1999) que ten acaroado un pavillón de deportes que serve tamén para actividades extraescolares e actos de xornadas especiais como, por exemplo, o Entroido.

No edificio de Educación Primaria está a aula de música, que tamén serve como salón de actos, que ten un escenario onde realízanse diferentes actividades como charlas,

semana do teatro, o mencionado Entroido, festivais de Nadal, etc.

ALUMNADO

A matrícula en Relixión Católica non está ao cen por cen en tódolos cursos excepto en 1º EP.

<i>CURSO</i>	<i>NÚMERO ALUMNOS</i>
1º EP	10
2º EP	9
3º EP	13
4º EP	15
5º EP	7
6º EP	13

Polo tanto, a porcentaxe do alumnado que está matriculado en Relixión Católica é do 84 %.

XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

O proxecto de Relixión Católica ten o seu marco de referencia no currículo oficial presentado en febreiro de 2015 pola Conferencia Episcopal Española.

Trátase dun proxecto innovador que se define coas seguintes claves:

- 1.- Os contidos da área de Relixión Católica agrúpanse en catro grandes bloques, que abordan a busca do sentido da vida e a apertura á transcendencia; a intervención de Deus na historia da humanidade; a salvación que se cumpre na persoa de Xesucristo; e como a Igrexa, a familia dos cristiáns e cristiás, é continuadora da misión de Xesús.
- 2.- Os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe organízanse en torno a sete unidades didácticas.
- 3.- Ao longo das unidades didácticas os alumnos aprenden, ademais, a valorar o feito relixioso na súa manifestación cultural e artística, a coñecer e respectar outras relixións maioritarias; a asumir valores de xustiza e solidariedade social, e a recoñecer a busca de sentido.
- 4.- Este proxecto, ao considerar a área de Relixión Católica unha área máis do currículo escolar para os alumnos que a elixiron, introduce na súa metodoloxía e estratexias didácticas a innovación pedagóxica que responde ao actual paradigma educativo. A devandita innovación maniféstase a través das tarefas integradas, as rutinas de pensamento, os proxectos de investigación, o uso das aplicacións dixitais, o uso do portfolio e o diario de aprendizaxe, as técnicas de traballo cooperativo e unha avaliación competencial.
- 5.- Como elemento motivador e fío condutor de cada unha das unidades dos cursos de

1.º e 2.º Ed. Primaria, está o símbolo do arco da vella; dos cursos de 3.º e 4.º están os dons e virtudes como a xustiza, a confianza, a fortaleza, a esperanza...; e dos cursos de 5.º e 6.º están as afirmacións do amor que cita San Paulo no seu 1.ª Carta aos Corintios: o amor é paciente, todo o espera, todo o perdoa...).

6.- Este proxecto elixe unha linguaxe amable e alentadora que anima aos alumnos na súa aprendizaxe. Ao final de cada unidade hai un espazo destinado a dar a todos os alumnos a oportunidade de sentirse máis seguros e motivado na súa aprendizaxe.

7.- Os docentes temos páxinas webs onde podemos acceder a documentación oficial, información, formación permanente e recursos didácticos variados para aplicar as nosas clases.

OBXECTIVOS EN CLAVE DE COMPETENCIAS

- Coñecer, apreciar e respectar o patrimonio cultural-relixioso como expresión da fe católica.

(Conciencia e expresións culturais, Competencia lingüística)

- Comprender e valorar o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e os seus ritos especialmente na liturxia da Igrexa.

(Conciencia e expresións culturais, Competencia lingüística)

- Coñecer e manexar a Biblia recoñecendo a súa estrutura de forma básica. Identificar o sentido dalgúns textos básicos como Palabra de Deus.

(Conciencia e expresións culturais, Competencia lingüística, Aprender a aprender)

- Comprender a relación intrínseca entre os valores básicos do ser humano e a acción creadora de Deus Pai.

(Competencias sociais e cívicas, Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía)

- Valorar a novidade do amor de Deus que salva do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesucristo, apreciando a acción salvífica da Igrexa, Corpo de Cristo.

(Competencias sociais e cívicas)

- Identificar o significado dalgúns textos básicos da mensaxe cristiá, que faciliten a comprensión da acción do Espírito Santo na Igrexa e no mundo.

(Competencia lingüística, Conciencia e expresións culturais, Aprender a aprender)

- Descubrir en Xesucristo camiño, verdade e vida o fundamento para un estilo de vida cristián.

(Competencias sociais e cívicas, Conciencia e expresións culturais)

- Identificar a Igrexa nas súas manifestacións, recoñecer a presenza de Deus e a súa graza nos sacramentos, e o servizo eclesial prestado polos apóstolos e os seus sucesores.

(Competencias sociais e cívicas, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)

- Recoñecer os valores cristiáns xa presentes nas figuras bíblicas máis destacadas da historia da Salvación.

(Competencias sociais e cívicas, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)

- Valorar a relación entre a fe e o comportamento cristián, coñecendo as raíces e o sentido da acción e do compromiso cristián.

(Competencias sociais e cívicas, Conciencia e expresións culturais)

- Descubrir a relación entre o destino eterno do home e a realidade temporal na que está a vivir, apreciando a vitoria de Cristo sobre a morte.

(Conciencia e expresións culturais, Aprender a aprender)

- Descubrir e apreciar a síntese dos elementos básicos da fe cristiá presentes no Credo da Igrexa.

(Conciencia e expresións culturais, Aprender a aprender)

OBXECTIVOS DA ETAPA VINCULADOS COA ÁREA

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas, as diferentes relixións e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con minusvalidez.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das Tecnoloxías da Información e a Comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- g) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- h) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

1º EDUCACIÓN PRIMARIA

COMPETENCIAS

Perfil competencial de Relixión Católica para 1º EP

COMPETENCIAS CLAVE:

CL: Competencia lingüística

CD: Competencia dixital

AA: Aprender a aprender

CSC: Competencias sociais e cívicas

SIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

CEC: Conciencia e expresións culturais

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		COMPETENCIAS CLAVE asociadas					
		CL	CD	AA	CS C	SIE E	CEC
Bloque 1. O sentido relixioso do home	1.1 Coñece, respecta e coida a obra creada.			X	X		X
	1.2 Expressa con palabras propias o asombro polo que Deus fai.	X				X	
	2.1 Identifica e enumera os coidados que recibe na súa vida como don de Deus.	X					
	3.1 Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falar con Deus.	X			X		X
	3.2 Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento.	X		X			
Bloque 2. A revelación: Deus intervéñ na Historia	1.1 Coñece e valora que Deus fala a Abraham e Moisés para ser o seu amigo.	X			X		
	1.2 Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: coidado, protección, acompañamento, colaboración, etc.			X	X		
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación	1.1 Identifica a María e Xosé como comunidade na que Deus se fai presente entre os homes				X		X
	1.2 Valora e respecta a familia de Xesús a semellanza da súa.				X		
	2.1 Nomea e asocia, lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.	X					X
	3.1 Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Xesús.	X	X				X

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa	1.1 Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia.			X	X		
	2.1 Expresa o respecto ao templo como lugar sagrado.			X	X		X
	3.1 Coñece e expresa o sentido do domingo.				X		X

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
Bloque 1. O sentido relixioso do home. UD1: Gústame o regalo de Deus.		
A creación como regalo de Deus. O home, obra mestra da creación. A comunicación do home con Deus.	1. Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus ao home.	1.1 Coñece, respecta e cuida a obra creada. 1.2 Expresa con palabras propias o asombro polo que Deus fai.
	2. Recoñecer a relación intrínseca que existe entre Deus e o home.	2.1 Identifica e enumera os cuidados que recibe na súa vida como don de Deus.
	3. Coñecer que a persoa é un ser capaz de falar con Deus.	3.1 Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falar con Deus. 3.2 Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento.
Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia. UD2: Aprendo a confiar en Deus.		
Deus acompaña o home na historia. Deus fala aos homes como amigos.	1. Recoñecer e apreciar a relación paterno-filial entre Deus e o home.	1.1 Coñece e valora que Deus fala a Abraham e Moisés para ser o seu amigo. 1.2 Sinala e representa as características da amizade

		de Deus co home: coidado, protección, acompañamento, colaboración, etc.
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación.		
UD3: ; Alegría! Chega o Nadal. / UD4: Xesús é o noso amigo. / UD5: ; Alegría! Chega a Pascua		
Xesús, o fillo de Deus faise home, vive e crece nunha familia. Acontecementos e lugares xeográficos importantes na vida de Xesús. Xesús morreu para a nosa salvación.	1. Recoñecer e estimar que Xesús se fai home no seo dunha familia	1.1. Identifica a María e a Xosé como comunidade na que Deus se fai presente entre os homes. 1.2. Valora e respecta a familia de Xesús a semellanza da súa.
	2. Relacionar lugares e acontecementos nos que Deus expresou o seu amor polos homes na vida de Xesús.	2.1 Nomea e asocia, lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.
	3. Coñecer e ordenar os principais momentos da paixón e morte de Xesús.	3.1 Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Xesús.
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa.		
UD6: A Igrexa é unha familia. / UD7: ; Xa é domingo!		
A Igrexa, familia de Xesús. Espazo e tempo sagrado na Igrexa. O domingo, día dedicado ao Señor.	1. Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia.	1.1 Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia.
	2. Distinguir os espazos e tempos sagrados doutros lugares e tempos.	2.1 Expresa o respecto ao templo como lugar sagrado.
	3. Subliñar os elementos distintivos do domingo como día especial.	3.1 Coñece e expresa o sentido do domingo.

UNIDADES DIDÁCTICAS: ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL
RELIXIÓN CATÓLICA EP PRIMEIRO CURSO

Unidade	Contidos	Tempo aprox.
1. Gústame o regalo de Deus	1. Gústanme os regalos. 2. A natureza é un regalo. 3. A Biblia fálanos da Creación. 4. Deus regálanos a Creación. 5. A Biblia fálanos do rei David. Movo o meu pensamento: «Resolución de problemas».	5 sesións
2. Aprendo a confiar en Deus	1. Quero os meus amigos. 2. A Biblia fálanos de Abrahán. 3. A Biblia fálanos de Moisés. 4. Deus ten un plan para todos. 5. Podemos falar con Deus. Movo o meu pensamento: «Vexo, penso, preguntome».	5 sesións
3. ¡ Alegría! Chega o Nadal	1. A Biblia fálanos do nacemento de Xesús. 2. O nacemento de Xesús é alegría. 3. Xesús nace para traer o amor de Deus. 4. En Nadal regalamos amor. 5. Esta é a familia de Xesús. 6. Esta é a miña familia. Movo o meu pensamento: «Compara e contrasta».	5 sesións
4. Xesús é o noso amigo	1. Este é o país de Xesús. 2. Xesús elixe doce amigos. 3. A Biblia fálanos de Zaqueo. 4. A Biblia fálanos da ovella perdida. Movo o meu pensamento: «Preguntas creativas».	5 sesións
5. ¡ Alegría! Chega a Pascua	1. A Biblia fálanos de como recibiron a Xesús. 2. Os amigos de Xesús recordan ese día. 3. A Biblia fálanos do Mandamento de Xesús. 4. Os cristiáns celebran a Semana Santa. 5. ¡ Aleluia! Xesús resucitou. Movo o meu pensamento: «Dez veces dous».	5 sesións
6. A Igrexa é unha familia	1. A Biblia fálanos dos cristiáns. 2. A Igrexa é unha gran familia. 3. As familias quérense e axúdanse. 4. As igrexas son templos cristiáns. 5. Os cristiáns celebran festas especiais. Movo o meu pensamento: «Círculo de puntos de vista».	5 sesións
7. ¡ Xa é domingo!	1. As familias viven con alegría o domingo. 2. A Biblia fálanos da oración. 3. Xesús invítanos á súa festa: a Misa.	5 sesións

	4. Construimos un mundo mellor. 5. O domingo é o día do Señor. Traballo cooperativo: «Crebacabezas». Movo o meu pensamento: «Palabra, idea, frase».	
--	--	--

METODOLOXIA. ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

a) Metodoloxía xeral e específica.

A inclusión da materia de Relixión Católica responde, en primeiro lugar, á importancia que esta materia ten dentro da educación para que o alumno poida conseguir un desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade. A necesidade de sentido do ser humano é unha evidencia á que a escola necesariamente debe dar resposta. A educación da dimensión relixiosa é parte fundamental para a maduración da persoa. Non podería existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se permitise o desenvolvemento de todas as dimensións inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa a relixiosa. Esta capacidade básica da persoa adquire o seu auténtico cumprimento cando se descobre o sentido da vida. O ensino de Relixión Católica nos centros escolares axudará aos estudantes a ensanchar os espazos da racionalidade e adoptar unha actitude de apertura ao sentido relixioso da vida, sexa cal sexa a súa manifestación concreta.

Para responder a estes retos propónse unha metodoloxía focalizada no desenvolvemento das competencias clave e as intelixencias múltiples.

A integración das **competencias** e as **intelixencias múltiples** na área leva consigo insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita) e poñer en práctica estratexias didácticas que teñan en conta as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a. Isto conséguese:

- Nas propostas de traballo cooperativo.
- Nas dobres páxinas ao final de cada unidade didáctica do libro do alumno / a.
- Nas **actividades competenciais** e de **intelixencias múltiples**.

Mediante as tarefas integradas, os alumnos poden desenvolver as súas capacidades en torno á planificación do traballo, a selección dun tema de interese, os contidos e os materiais que serán utilizados, en relación coa elaboración e a presentación, a súa corrección e, finalmente, a exposición, todo baixo un prisma de colaboración e intercambio entre iguais. En definitiva, predomina o traballo cooperativo, que permite desenvolver a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e a comprensión das opinións alleas, así como a reflexión sobre as ideas propias.

Á hora de avaliar, a **rúbrica de avaliación** convértese para o profesor/a nun instrumento ou unha guía dunha serie de criterios avaliábeis de coñecementos e competencias, en diferentes graos de consecución, logrados por o alumno/a.

O **uso das TIC** é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, xa que nos permite motivar ao alumno/a, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, xeneralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de síntese e a transferencia do coñecemento.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que formulan:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Incorporación progresiva e coidada de novos coñecementos, mediante exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a de 1º curso de Primaria, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes na vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias propias da materia.
- Exercicios e actividades diversificadas que teñen en conta competencias e intelixencias múltiples: traballo individual, traballo cooperativo en grupo e en tarefas integradas, uso das TIC e actividades que traballan contidos fundamentais. Están secuenciados por niveis de dificultade, abordan diversos estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias a todos os alumnos.

A materia de Relixión Católica utilizará unha metodoloxía que respectará os seguintes principios:

- Recoñecemento do rol do docente. O docente é peza clave na elaboración e implementación de actividades de aula axustadas ao grupo concreto que está a ensinar. Conferencia Episcopal Española Currículo de Relixión e Moral Católica. A súa formación resulta, polo tanto, fundamental á hora de garantir o éxito do proceso de aprendizaxe.
- Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito axeitado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.
- Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental.
- Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes estarán ao servizo da formación humana. A materia de relixión, dende a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentais, cognitivas, actitudinais, socio afectivos non sexan considerados fin en si mesmo senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano.
- Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes. Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes así como dos coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa.
- Seguimento dos criterios de avaliación educativa. Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe; e sumativa ao final do proceso, de maneira que se avalíe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garantirá unha valoración axeitada da dedicación, esforzo e rendemento de todos os estudantes.
- Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativa. O estudo e reflexión do cristianismo, por o seu intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe

cooperativa.

- Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. O ensino da relixión promoverá a utilización da tecnoloxía da información e a comunicación non só dun xeito instrumental, que resulte útil ao estudante na busca de información ou na resolución de problemas formulados na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético. As redes sociais ou as ferramentas de construción e manipulación de imaxes, por exemplo, son instrumentos que permiten novas formas de expresión da cultura e a identidade persoal que hai que aprender a dominar.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Relación dos diversos materiais e recursos didácticos para abordar a materia de Relixión Católica para o 1º Curso da Educación Primaria.

- Libro de texto Relixión Católica.
- Murais.
- Caderno de relatos bíblicos: Ao encontro de Xesús 1.
- Fichas modificables: de adaptación curricular básica e ampliación e fichas de avaliación.
- Xogos, láminas de rutinas de pensamento e láminas de roles de traballo cooperativo.
- CD audio Cantamos a Biblia.
- Bits de arte.
- Caderno Vida de San Francisco de Asís.
- Paletas de IIMM (intelixencias múltiples) e Aps (aprendizaxe e servizo).
- Recursos dixitais.

Outros recursos

- Lousa dixital.
- Novo Testamento ou Biblia.
- Dicionario e atlas.
- Material funxible.
- Enciclopedia on line ou en papel.

En canto á distribución do espazo, trátase de explicitar en qué espazos se desenvolverán as aprendizaxes e a diversidade de propostas establecidas.

Espazos	Secuencia
• Aula: Adaptable segundo as actividades (orais escritas proxectos, con lousa dixital, canón, ...).	• Motivación inicial e activación de coñecementos previos.

<p>A disposición permitirá desprazarse con facilidade polos distintos espazos, os materiais estarán ao alcance dos nenos e nenas para que traballen de forma autónoma.</p> <p>Distribución posible en grupos, asemblea, cantos de xogo e traballo individual.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Espazos comúns: <p>Patios, corredores, ximnasio, comedor, biblioteca do centro, sala de informática...</p> <ul style="list-style-type: none"> • Espazos exteriores (casa, biblioteca, visitas, ...): <p>Traballos cooperativos, exercicios de aplicación, consolidación e estudo autónomo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolvemento dos contidos e actividades. • Actividades de reforzo e / ou ampliación. • Avaliación.
---	---

b) Actividades e estratexias de ensino e aprendizaxe: actividades complementarias

Relación das actividades complementarias e extraescolares planificadas polo centro e relacionadas coa materia de Relixión.

Exemplo:

- Participación na semana cultural organizada polo centro educativo e noutras efemérides ou eventos sociais e culturais do seu ámbito.
- Participación en talleres organizados polo Concello ou outros organismos, relacionados con aspectos literarios e culturais.
- Visita bibliotecas, medios de comunicación, empresas nos que se desenvolvan labores relacionados cos contidos da área.
- Visita a exposicións temporais relacionadas cos temas estudados.

AVALIACIÓN DO ALUMNADO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus ao home.
- Recoñecer a relación intrínseca que existe entre Deus e o home.
- Coñecer que a persoa é un ser capaz de falar con Deus.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na Historia

- Recoñecer e apreciar a relación paterno-filial entre Deus e o home.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- Recoñecer e estimar que Xesús se fai home no seo dunha familia
- Relacionar lugares e acontecementos nos que Deus expresou o seu amor polos homes na vida de Xesús.

- Coñecer e ordenar os principais momentos da paixón e morte de Xesús.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na Historia: a Igrexa

- Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia.
- Distinguir os espazos e tempos sagrados doutros lugares e tempos.
- Subliñar os elementos distintivos do domingo como día especial.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- Coñece, respecta e cuida a obra creada.
- Expressa con palabras propias o asombro polo que Deus fai.
- Identifica e enumera os coidados que recibe na súa vida como don de Deus.
- Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falar con Deus.
- Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na Historia

- Coñece e valora que Deus fala a Abraham e Moisés para ser o seu amigo.
- Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: coidado, protección, acompañamento, colaboración, etc.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- Identifica a María e a José como comunidade na que Deus se fai presente entre os homes.
- Valora e respecta a familia de Xesús a semellanza da súa.
- Nomea e asocia, lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.
- Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Xesús.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia.
- Expressa o respecto ao templo como lugar sagrado.
- Coñece e expresa o sentido do domingo.

AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS. RÚBRICAS.

INDICADORES	Niveis de desempeño			
	1	2	3	4
	Pouco axeitado	Axeitado	Moi axeitado	Excelente
Coñece, respecta e cuida a obra creada.				

INDICADORES	Niveis de desempeño			
	1	2	3	4
	Pouco axeitado	Axeitado	Moi axeitado	Excelente
Expresa con palabras propias o asombro pola Creación.				
Identifica e enumera os coidados que recibe na súa vida.				
Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o ser humano é capaz de falar con Deus.				
Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento.				
Coñece, respecta e valora as accións e sentimentos relacionados coa amizade.				
Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas nas que mostra confianza.				
Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos o amor de Deus cara ao ser humano.				
Identifica as pasaxes bíblicas nas que se narra a historia de Abraham e Moisés.				
Recoñece a oración como un xeito de comunicarse con Deus.				
Coñece, respecta e valora a celebración cristiá do Nadal.				
Identifica, de xeito ordenado, as pasaxes bíblicas nas que se narra o nacemento de				

INDICADORES	Niveis de desempeño			
	1	2	3	4
	Pouco axeitado	Axeitado	Moi axeitado	Excelente
Xesús.				
Coñece as escenas da adoración dos pastores e os Reis Magos e identifica os personaxes.				
Recoñece o nacemento de Xesús como un sinal do amor de Deus.				

INDICADORES	Niveis de desempeño			
	1	2	3	4
	Pouco axeitado	Axeitado	Moi axeitado	Excelente
Coñece e respecta a familia de Xesús.				
Nomea e asocia lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.				
Identifica o papel dos apóstolos e coñece os seus nomes.				
Coñece as pasaxes bíblicas que narran o encontro con Zaqueo e a parábola da ovella perdida.				
Recoñece o mandamento de Xesús: «amádevos uns a outros».				
Coñece o relato bíblico da paixón e a resurrección de Xesús.				
Identifica e valora os símbolos e as tradicións da Semana Santa.				
Identifica a Igrexa como a grande familia dos cristiáns.				
Recoñece o bautismo como o sacramento de entrada á familia da Igrexa.				
Expresa o respecto ao templo como lugar sagrado				
Recoñece os principais tempos litúrxicos.				

INDICADORES	Niveis de desempeño			
	1	2	3	4
	Pouco axeitado	Axeitado	Moi axeitado	Excelente
Identifica a característica da Igrexa como unha gran familia.				
Expresa o respecto ao templo como lugar sagrado.				
Coñece e expresa o sentido do domingo.				
Memoriza e reproduce o Noso Pai como xeito de falar a Deus.				

b) Instrumentos de avaliación.

Trátase de elaborar unha relación da diversidade de procedementos e instrumentos que permiten avaliar ao alumno/a nesta área:

	Procedementos			
	Escritos	Orais	Observación directa e sistemática	Outros
<i>Instrumentos</i>	<ul style="list-style-type: none">• Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.• Caderno de clase do alumno.• Actividades de avaliación (libro, fichas modificables, probas escritas individuais, ...).• Traballos de grupo.• Resolución de exercicios.• Actividades interactivas.	<ul style="list-style-type: none">• Preguntas individuais e grupais.• Participación do alumno/a.• Intervencións na clase.• Postas en común.• Entrevistas.• Probas orais individuais.• Exposicións orais.	<ul style="list-style-type: none">• Escalas.• Listas de control.• Rexistros anecdóticos persoais.• Rexistros de incidencias.• Ficha de rexistro individual.	<ul style="list-style-type: none">• Rúbricas de avaliación (Aprendizaxes, Habilidades xerais).• Equipo de avaliación.• Autoavaliación.• Blog do profesor.

c) Criterios de cualificación.

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das competencias do alumno de 1º curso de Relixión Católica de Educación Primaria, a través de todas as actividades que leve a cabo. Proposta:

	CRITERIOS
--	------------------

<p>1. Traballo autónomo</p> <p>30 %</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Realización sen axuda externa. • Estimación do tempo invertido para resolver unha actividade. • Grao de adquisición de aprendizaxes básicas. • Orde e limpeza na presentación. • Uso axeitado de instrumentos e recursos propios da materia. • Emprego de esquemas. • Revisión do traballo antes de dalo por finalizado. • Valoración do traballo en clase e na casa. • Creatividade.
<p>2. Probas orais e escritas</p> <p>30 %</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración da aprendizaxe dos contidos. • Valoración dos procesos seguidos e dos resultados. • Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación. • Valoración do tempo investido e o tempo necesario para resolver unha actividade. • Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado. • Caligrafía axeitada. • Tempo de realización. • Destrezas.
<p>3. Actividades TIC</p> <p>10 %</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Uso axeitado e guiado do ordenador e algunha ferramenta telemática. • Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou para resolver unha actividade. • Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha). • Grao de elaboración da resposta. • Interese, motivación. • Destrezas. • Capacidade de sintetizar e seleccionar de forma crítica contidos de Internet.
<p>4. Participación e seguimento das clases</p> <p>20 %</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Nivel e adecuación das intervencións. • Emprego dunha estrutura clara nas mensaxes. • Uso de vocabulario axeitado. • Comportamento en clase. • Interese e esforzo.
<p>5. Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal</p> <p>10 %</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballar de forma colaborativa. • Comunicación axeitada cos compañeiros. • Resolución de conflitos. • Interese e motivación. • Iniciativa. • Opinión persoal e valoración crítica do traballo en cooperación.

d) Actividades de reforzo e ampliación.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

a) Fomento da lectura. Comprensión lectora. Expresión oral e escrita.

Estratexias para estimular o interese e o hábito da lectura, e para desenvolver a expresión oral e escrita.

Lectura:

- Lectura do libro de texto.
- Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas,...).
- Textos en apoio dixital (Internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
- Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.

Expresión:

- Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos ou intervencións: planificación, redacción, revisión.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Expresión escrita en apoio papel e en pantalla.

b) Comunicación audiovisual. Tecnoloxías da información e da comunicación.

Para incorporar as TIC na aula propúxose unha serie de recursos **integrados** cos contidos e as actividades de Relixión Católica para Primeiro Curso, aos cales complementan e amplían.

<i>Actividades TIC</i>	• Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.
<i>Enlaces en Internet</i>	• Aproveitamento de recursos educativos en Internet: busca de imaxes, información ou curiosidades, e selección e organización para transformar estes elementos en coñecemento.
<i>Libro Dixital interactivo</i>	• Libro proxectable que incorpora elementos de interactividade: actividades, enlaces, animacións...

c) Emprendemento.

-Tomar decisións reflexionando e sopesando posibilidades de xeito autónomo e responsable para afrontar situacións cotiás, así como valorar as informacións de xeito crítico.

-Xerar ideas e propostas en diferentes contextos.

d) Educación cívica e constitucional.

- Coñecer algunhas organizacións sociais e políticas, tomar conciencia da necesidade de defender dereitos e deberes de cada membro da sociedade, e valorar o diálogo como instrumento para solucionar os problemas de convivencia.
- Respetar os símbolos, costumes e maneiras de vida outras poboacións, e rexeitar calquera tipo de discriminación.
- Respetar os restos histórico-artísticas presentes no medio.

e) Ensinanzas transversais

Educación para a igualdade entre sexos

- Fomentar o rexeitamento ante calquera discriminación por razón de sexo.

Educación do consumidor

- Identificar costumes e tradicións navideñas.
- Identificar aspectos necesarios para vivir e ser feliz.

Educación ambiental

- Mostrar interese por respectar e coidar a natureza creada por Deus.

Educación para a saúde. Educación sexual

- Coñecer e practicar hábitos elementais de hixiene, alimentación e coidado persoal.
- Coñecer e apreciar os aspectos biolóxicos, emocionais e sociais da sexualidade.

Educación para a paz

- Comprometerse en acoller.
- Aprender a compartir.
- Valorar o perdón como base para a convivencia.
- Mostrar gratitude polo amor recibido.
- Apreciar e respectar as celebración de Semana Santa.
- Transmitir alegría e felicidade.

Educación moral e cívica

- Interesarse por coñecer os compañeiros.
- Identificar actitudes baseadas no Amor.
- Comprometerse en ser solidario.
- Valorar a pertenza a un equipo e os seus logros.
- Participar nas tarefas domésticas.
- Reflexionar sobre a propia actitude de coidado dos demais.
- Respetar o templo dos cristiáns.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E INDICADORES DE ÉXITO

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
Preparación da clase e os materiais didácticos	Hai coherencia entre aquilo programado e o desenvolvemento das clases.		
	Existe unha distribución temporal equilibrada.		
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.		
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos, etc.).		
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.		
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento dos alumnos.		
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.		
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.		
Avaliación das aprendizaxes e información que destes se dá aos alumnos e as familias	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e nos contidos.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.		
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.		
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: <ul style="list-style-type: none"> • Aos alumnos. • Ás familias. 		
Utilización de medidas para a atención á diversidade	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.		
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente tendo en conta os informes psicopedagóxicos.		

2º EDUCACIÓN PRIMARIA

COMPETENCIAS

Perfil competencial de Relixión Católica para 2º EP

COMPETENCIAS CLAVE:

CL: Competencia lingüística

CD: Competencia dixital

AA: Aprender a aprender

CSC: Competencias sociais e cívicas

SIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

CEC: Conciencia e expresións culturais

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		COMPETENCIAS CLAVE asociadas					
		CL	CD	AA	CSC	SIEE	CEC
Bloque 1. O sentido relixioso do home	1.1 Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que o fan feliz a el e ás persoas do seu ámbito.	X		X	X		
	2.1 Descubre e nomea situacións nas que necesita ás persoas, e sobre todo a Deus, para vivir.	X		X	X		
	3.1 Valora e agradece que Deus lle creou para ser feliz.			X	X		
	4.1 Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.	X					X
	4.2 Identifica e representa graficamente os dons que Deus fai ao home na creación.		X			X	
	4.3 Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a gratitude a Deus pola súa amizade.	X					X
Bloque 2. A revelación: Deus intervéen na Historia	1.1 Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na Historia.	X		X	X		X
	1.2 Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na Historia.		X			X	X
	2.1 Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos.	X	X				

	2.2 Dramatiza momentos da vida dos Patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e o acompañamento de Deus.			X		X	X
	3.1 escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda ao pobo de Israel.	X					X
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación	1.1 Le e expresa, verbal ou graficamente, o relato da Anunciación.	X					X
	1.2 Dramatiza a misión dos personaxes que interveñen na Anunciación.					X	X
	2.1 Identifica os signos de Advento como tempo de espera.			X			X
	2.2 Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida.			X	X		
	3.1 Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal.	X			X		X
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa	1.1 Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo.	X					
	1.2 Identifica os pais, padriños, presbíteros, bautizados como pobo xerado por Xesús.			X			
	2.1 Asocia os elementos materiais da auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental.	X		X			
	3.1 Relaciona a unidade da Igrexa coa unidade dos órganos do seu propio corpo.			X			
	3.2 Sinala en diferentes expresións artísticas a representación de Deus como pai de todos.		X				X
	4.1 Constrúe un calendario onde sitúa os diferentes tempos litúrxicos.	X				X	

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
Bloque 1. O sentido relixioso do home. UD1: Deus quere a miña felicidade		
Deus, pai da humanidade, quere a nosa felicidade.	1. Identificar na propia vida o desexo de ser feliz.	1.1 Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que o

En canto á distribución do espazo, trátase de explicitar en qué espazos se desenvolverán as aprendizaxes e a diversidade de propostas establecidas.

Espazos	Secuencia
<ul style="list-style-type: none"> • Aula: <p>Adaptable segundo as actividades (orais escritas proxectos, con lousa dixital, canón, ...).</p> <p>A disposición permitirá desprazarse con facilidade polos distintos espazos, os materiais estarán ao alcance dos nenos e nenas para que traballen de forma autónoma.</p> <p>Distribución posible en grupos, asemblea, cantos de xogo e traballo individual.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Espazos comúns: <p>Patios, corredores, ximnasio, comedor, biblioteca do centro, sala de informática...</p> <ul style="list-style-type: none"> • Espazos exteriores (casa, biblioteca, visitas, ...): <p>Traballos cooperativos, exercicios de aplicación, consolidación e estudo autónomo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Motivación inicial e activación de coñecementos previos. • Desenvolvemento dos contidos e actividades. • Actividades de reforzo e / ou ampliación. • Avaliación.

b) Actividades e estratexias de ensino e aprendizaxe: actividades complementarias

Relación das actividades complementarias e extraescolares planificadas polo centro e relacionadas coa materia de Relixión Católica.

Exemplo:

- Participación na semana cultural organizada polo centro educativo e noutras efemérides ou eventos sociais e culturais do seu ámbito.
- Participación en talleres organizados polo Concello ou outros organismos, relacionados con aspectos literarios e culturais.
- Visita bibliotecas, medios de comunicación, empresas nos que se desenvolvan labores relacionados cos contidos da área.
- Visita a exposicións temporais relacionadas cos temas estudados.

7. AVALIACIÓN DO ALUMNADO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- Recoñecer e valorar que os seus pais, amigos e ámbito son un don de Deus para a súa felicidade.
- Tomar conciencia de que as accións persoais achegan ou separan de Deus.
- Comprender que a elección que fan Adán e Eva é un rexeitamento ao don de Deus.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- Descubrir a importancia de Moisés para a liberación do pobo de Israel.
- Recoñecer as consecuencias da Alianza de Deus con Israel.
- Recoñecer e valorar os signos da amizade de Deus co seu pobo.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- Asociar o Bautismo de Xesús co momento no que inicia a súa vida pública.
- Distinguir como Xesús fai felices os homes cos seus xestos e accións.
- Comparar as diferentes respostas dos amigos de Xesús á súa chamada.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- Identificar e valorar as accións da Igrexa que continúan a misión de Xesús.
- Sinalar a oración como unha forma de expresión da amizade con Deus.
- Descubrir trazos da amizade con Deus na vida cotiá.
- Comprender que a oración do Nosopai expresa a pertenza á comunidade eclesial.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- Recordar e narra experiencias recentes nas que descubriu que a familia, os amigos ou o ámbito son un regalo.
- Enumera, describe e comparte situacións, persoas ou cousas polas que está agradecido.
- Distingue e enumera accións persoais que o fan feliz ou infeliz.
- Le, identifica e explica coas súas palabras as consecuencias do rexeitamento de Adán e

Eva ao don de Deus, descritas no relato bíblico.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na Historia.
- Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na Historia.
- Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos.
- Dramatiza momentos da vida dos Patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e o acompañamento de Deus.
- escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda ao pobo de Israel.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús.
- Descubre e subliña, nos relatos de milagres, os xestos e accións de Xesús que fan felices os homes.
- Respecta e valora o comportamento de Xesús cos pecadores.
- Identifica e comenta algunhas características diferenciais nas respostas das persoas que chama Xesús nos relatos evanxélicos.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na Historia: a Igrexa

- Busca testemuños da acción misioneira e caritativa da Igrexa como continuidade da misión de Xesús.
- Crea relatos breves para expresar como a acción misioneira, a caridade e os sacramentos axudan a lograr a felicidade das persoas.
- Compón textos que expresen o diálogo da persoa con Deus.
- Recompila e pon en común cos seus compañeiros oracións que a comunidade cristiá utiliza cotianamente.
- Observa e descobre na vida dos santos manifestacións da amizade con Deus.
- Explica significativamente a orixe do Nosopai.
- Reconstrúe e dramatiza o contexto no que Xesús entrega a oración do Nosopai aos discípulos.

AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS. RÚBRICAS.

INDICADORES	Niveis de desempeño			
	1	2	3	4
	Pouco axeitado	Axeitado	Moi axeitado	Excelente
Coñece, respecta e valora a Creación.				

INDICADORES	Niveis de desempeño			
	1 Pouco axeitado	2 Axeitado	3 Moi axeitado	4 Excelente
Identifica e valora a familia, os mestres e os amigos como piares fundamentais da súa vida.				
Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos o amor de Deus cara ao ser humano.				
Recoñece para os cristiáns Deus crea as persoas libres.				
Identifica a elección de facer o ben coa felicidade e valora as súas consecuencias.				
Coñece e valora o significado da Alianza de Deus co seu pobo.				
Identifica as principais pasaxes bíblicas nas que se narra a historia da liberación do pobo de Israel.				
Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos o amor de Deus cara ao ser humano.				
Recoñece a importancia da Alianza de Deus co seu pobo: os Dez Mandamentos.				
Identifica o Mandamento do Amor como o resumo que fixo Xesús de los Dez Mandamentos.				
Recoñece a misión de Xesús como transmisor da boa noticia do amor de Deus.				
Identifica a pasaxe bíblica na que se narra o Bautismo de Xesús.				
Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos o amor de Deus cara ao ser humano.				

INDICADORES	Niveis de desempeño			
	1 Pouco axeitado	2 Axeitado	3 Moi axeitado	4 Excelente
Recoñece a misión dos doce apóstolos como seguidores de Xesús e transmisores da palabra de Deus.				
Memoriza o Nosopai e identifícao como a oración que ensina a rezar a Deus e a chamalo «Pai».				
Recoñece o amor de Xesús cara aos pecadores como transmisor de fortaleza e transformación.				
Identifica a pasaxe bíblica na que se narra o milagre do paralítico de Cafarnaún.				
Coñece e aprecia os milagres como símbolos do amor de Deus cara ao ser humano.				
Coñece e aprecia as parábolas como relatos utilizados por Xesús para poder comprender as súas ensinanzas.				
Coñece as Benaventuranzas e identifícaas como accións que permiten facer máis felices aos demais e a un/a mesmo/a.				
Recoñece o convite de Xesús a vivir seguindo a súa mensaxe.				
Identifica o relato bíblico do mozo rico.				
Identifica o relato bíblico da chamada de Mateo.				
Coñece a boa noticia do amor de Deus e o seu plan para vivir felices.				

INDICADORES	Niveis de desempeño			
	1	2	3	4
	Pouco axeitado	Axeitado	Moi axeitado	Excelente
Coñece a parábola do sementador e comprende o ensino que dela se desprende.				
Coñece o significado da expresión «A primeira Igrexa» e identifica qué accións se levaban a cabo.				
Identifica a pasaxe bíblica sobre a primeira Igrexa.				
Coñece a misión da Igrexa como continuadora da misión de Xesús.				
Coñece os sacramentos e sabe o sentido de cada un.				
Clasifica os sacramentos segundo sexan de iniciación, de sanación ou de servizo.				
Recoñece o xeito en como os cristiáns se dirixen a Deus cando oran.				
Identifica as pasaxes bíblicas nos que se narra como Xesús ensina a orar.				
Identifica as diferentes maneiras de orar.				
Sabe quen son os santos e as santas e coñece a biografía dalgúns deles.				
Coñece o verdadeiro valor e sentido da amizade.				

b) Instrumentos de avaliación.

Trátase de elaborar unha relación da diversidade de procedementos e instrumentos que permiten avaliar ao alumno/a nesta área:

	Procedementos			
	Escritos	Orais	Observación directa e sistemática	Outros
<i>Instrumentos</i>	<ul style="list-style-type: none">• Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.• Caderno de clase do alumno.• Actividades de avaliación (libro, fichas modificables, probas escritas individuais, ...).• Traballos de grupo.• Resolución de exercicios.• Actividades interactivas.	<ul style="list-style-type: none">• Preguntas individuais e grupales.• Participación do alumno/a.• Intervencións na clase.• Postas en común.• Entrevistas.• Probas orais individuais.• Exposicións orais.	<ul style="list-style-type: none">• Escalas.• Listas de control.• Rexistros anecdóticos persoais.• Rexistros de incidencias.• Ficha de rexistro individual.	<ul style="list-style-type: none">• Rúbricas de avaliación (Aprendizaxes, Habilidades xerais).• Equipo de avaliación.• Autoavaliación.• Blog do profesor.

c) Criterios de cualificación.

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das competencias do alumno de 3º curso de Relixión Católica de Educación Primaria, a través de todas as actividades que leve a cabo. Proposta:

	CRITERIOS
<p>1. Traballo autónomo</p> <p style="text-align: center;">30 %</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Realización sen axuda externa. • Estimación do tempo invertido para resolver unha actividade. • Grao de adquisición de aprendizaxes básicas. • Orde e limpeza na presentación. • Uso axeitado de instrumentos e recursos propios da materia. • Emprego de esquemas. • Revisión do traballo antes de dalo por finalizado. • Valoración do traballo en clase e na casa. • Creatividade.
<p>2. Probas orais e escritas</p> <p style="text-align: center;">30 %</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración da aprendizaxe dos contidos. • Valoración dos procesos seguidos e dos resultados. • Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación. • Valoración do tempo investido e o tempo necesario para resolver unha actividade. • Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado. • Caligrafía axeitada. • Tempo de realización. • Destrezas.
<p>3. Actividades TIC</p> <p style="text-align: center;">10 %</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Uso axeitado e guiado do ordenador e algunha ferramenta telemática. • Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou para resolver unha actividade. • Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha). • Grao de elaboración da resposta. • Interese, motivación. • Destrezas. • Capacidade de sintetizar e seleccionar de forma crítica contidos de Internet.
<p>4. Participación e seguimento das clases</p> <p style="text-align: center;">20 %</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Nivel e adecuación das intervencións. • Emprego dunha estrutura clara nas mensaxes. • Uso de vocabulario axeitado. • Comportamento en clase. • Interese e esforzo.
<p>5. Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal</p> <p style="text-align: center;">10 %</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballar de forma colaborativa. • Comunicación axeitada cos compañeiros. • Resolución de conflitos. • Interese e motivación. • Iniciativa. • Opinión persoal e valoración crítica do traballo en cooperación.

d) Actividades de reforzo e ampliación.

ADAPTACIÓN CURRICULAR

- (BÁSICA): os contidos nucleares da Unidade Didáctica preséntanse de forma pautada, con apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de Competencias por parte dos alumnos.
- (AMPLIACIÓN): fichas modificables con actividades de maior dificultade na súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso, etc.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

a) Fomento da lectura. Comprensión lectora. Expresión oral e escrita.

Estratexias para estimular o interese e o hábito da lectura, e para desenvolver a expresión oral e escrita.

Lectura:

- Lectura do libro de texto.
- Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas,...).
- Textos en apoio dixital (Internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
- Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.

Expresión:

- Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos ou intervencións: planificación, redacción, revisión.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Expresión escrita en apoio papel e en pantalla.

b) Comunicación audiovisual. Tecnoloxías da información e da comunicación.

Para incorporar as TIC na aula propúxose unha serie de recursos **integrados** cos contidos e as actividades de Relixión Católica para Terceiro Curso, aos cales complementan e amplían.

<i>Actividades TIC</i>	• Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.
<i>Enlaces en Internet</i>	• Aproveitamento de recursos educativos en Internet: busca de imaxes, información ou curiosidades, e selección e organización para transformar estes elementos en coñecemento.
<i>Libro Dixital interactivo</i>	• Libro proxectable que incorpora elementos de interactividade: actividades, enlaces, animacións...

c) Emprendimiento.

-Tomar decisións reflexionando e sopesando posibilidades de xeito autónomo e responsable para afrontar situacións cotiás, así como valorar as informacións de xeito crítico.

-Xerar ideas e propostas en diferentes contextos.

d) Educación cívica e constitucional.

- Coñecer algunhas organizacións sociais e políticas, tomar conciencia da necesidade de defender dereitos e deberes de cada membro da sociedade, e valorar o diálogo como instrumento para solucionar os problemas de convivencia.
- Respetar os símbolos, costumes e maneiras de vida outras poboacións, e rexeitar calquera tipo de discriminación.
- Respetar os restos histórico-artísticas presentes no medio.

e) Ensinanzas transversais

Educación moral e cívica

- Identificación e análise das causas que provocan situacións de marxinação e inxustiza social.
- Superación de prexuízos respecto ás persoas ou os grupos sociais minoritarios.
- Interese por coñecer os aspectos positivos doutras culturas e valoralos axeitadamente.
- Interese por comprender e valorar as características e calidades das persoas que o rodean, establecendo con elas relacións equilibradas e construtivas, así como recoñecendo e valorando criticamente as súas diferenzas.
- Adquisición progresiva de seguridade en si mesmo para enfrontarse con autonomía a calquera situación e para resolver aquelas que sexan conflitivas.
- Desenvolvemento progresivo da autonomía persoal.
- Interese por establecer relacións afectivas cos demais.
- Participación nas actividades de grupo, respectando os puntos de vista dos demais.
- Participación nas tarefas de grupo, mostrando actitudes de solidariedade e colaboración.
- Aceptación e respecto polas normas que democraticamente se establezan na planificación e realización de tarefas comúns.
- Responsabilidade no exercicio dos dereitos e deberes que corresponden a cada membro do grupo.
- Importancia e valoración do labor que a Igrexa, a través das súas institucións, ofrece desinteresadamente aos máis necesitados.
- Aprecio polos valores básicos que rexen a vida e a convivencia, descubrindo as razóns da súa existencia e obrando en consecuencia.

Educación para a paz

- Descubrimiento e valoración das calidades e aptitudes dos demais.
- Importancia do diálogo como medio para solucionar conflitos.
- Respecto e tolerancia cara ás opinións alleas.
- Análises de posturas e actitudes que favorecen vivir en paz: diálogo, perdón, aceptación, colaboración...
- Interese por coñecer o novo mandamento de Xesús para alcanzar a verdadeira paz cun mesmo e cos demais.

Educación para a saúde

- Valoración do propio corpo como obra da Creación.
- Aprecio polo propio corpo e o coidado deste.
- Actitude de axuda cara ás persoas enfermas, débiles, anciás, indefensas, ..., e colaboración con estas.
- Actitude de rexeitamento cara a calquera práctica que vaia en contra da vida e da saúde, e de acollida cara a aquelas que a favorezan.

Educación para a igualdade entre os sexos

- Interese por descubrir a dignidade da persoa e valorala.
- Valoración do home e a muller, dende a súa dignidade de persoa e como seres máis importantes da Creación.
- Importancia e valoración da mensaxe de Xesús e da doutrina da Igrexa sobre a dignidade do home e a muller como fillos de Deus.
- Asunción das tarefas que deben realizarse, independentemente de que se sexa home ou muller.
- Rexeitamento cara a calquera manifestación que supoña discriminación baseada na diferenza de sexo.

Educación ambiental

- Descubrimiento global do ámbito como elemento imprescindible para a vida.
- Interese por respectar a natureza, obra da Creación ao servizo do home e a muller.
- Actitude de colaboración para respectar, manter e mellorar o medio.
- Respecto polas orientacións da Igrexa e de moitos santos sobre o respecto cara á natureza, as plantas, os animais...
- Valoración do traballo das persoas que colaboraron e colaboran na mellora do medio.

Educación sexual

- Manifestación de sentimentos que favorezan a amizade, a tenrura e a igualdade entre os sexos.
- Interese pola mensaxe cristiá sobre o papel do home e a muller como procreadores da especie humana.
- Importancia da sexualidade como actitude de plena comunicación afectiva entre as persoas.

Educación do consumidor

- Actuación responsable na utilización de servizos e bens de consumo.
- Respecto e aceptación das normas que regulan o uso e consumo dos recursos enerxéticos.
- Actitude de rexeitamento cara ao consumismo.
- Sensibilización ante os colectivos que non poden satisfacer as necesidades básicas e actitude de colaboración.

Educación vial

- Actitude de colaboración con persoas diminuídas e con aquelas que teñen dificultades para circular.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E INDICADORES DE ÉXITO

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
Preparación da clase e os materiais didácticos	Hai coherencia entre aquilo programado e o desenvolvemento das clases.		
	Existe unha distribución temporal equilibrada.		
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.		
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos, etc.).		
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.		
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento dos alumnos.		
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.		
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.		
Avaliación das aprendizaxes e información que destes se dá aos alumnos e as familias	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e nos contidos.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.		
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.		
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: <ul style="list-style-type: none"> • Aos alumnos. • Ás familias. 		
Utilización de medidas para a atención á diversidade	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.		
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente tendo en conta os informes psicopedagóxicos.		

4º EDUCACIÓN PRIMARIA

COMPETENCIAS

Perfil competencial de Relixión Católica para 4º EP

COMPETENCIAS CLAVE:

CL: Competencia lingüística

CMCT: Competencia matemática ciencia e tecnoloxía

CD: Competencia dixital

AA: Aprender a aprender

CSC: Competencias sociais e cívicas

SIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

CEC: Conciencia e expresións culturais

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		COMPETENCIAS CLAVE asociadas						
		CL	CMCT	CD	AA	CSC	SIEE	CEC
Bloque 1. O sentido relixioso do home	1.1 Localiza e describe situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas.	X						X
	1.2 Cualifica o tipo de pecado en situacións do seu ámbito e compáraas coas atopadas nos relatos das relixións antigas.	X				X		X
	2.1 Recorda e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.				X	X		
Bloque 2. A revelación: Deus intervéen na Historia	1.1 Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con ÉL, e aplícaas a situacións actuais.	X				X		
	1.2 Recorda e narra acontecementos actuais nos que se rexeitou a amizade con Deus.	X			X	X		
	2.1 Descubre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.	X			X			

	3.1 Identifica e describe comportamentos da vida do rei David que se opoñen á vontade de Deus.	X					
	4.1 Compara a actitude de David con situacións persoais nas que sentiu a necesidade de ser perdoado.				X	X	
	4.2 Recoñece e expresa artisticamente escenas da historia de David nas que Deus o perdoa. Mostra respecto polas intervencións dos seus compañeiros.					X	X X
	5.1 Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías.				X		
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación	1.1 Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.	X				X	X
	2.1 Visualiza, en obras de arte, escenas de perdón e explícaas.	X		X			X
	3.1 Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos, nos textos evanxélicos.	X				X	
	4.1 Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Padre.	X	X				
	4.2 Distingue e explica frases do relato da oración do Horto das Oliveiras que expresan a obediencia de Xesús ao Padre.	X					
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa	1.1 Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus.	X			X		
	1.2 Describe os pasos da celebración do sacramento do Perdón.	X					
	2.1 Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.			X			X

3.1 Investiga e presenta con diversos recursos obras e institucións da Igrexa de carácter penitencial.					X		X	X	
--	--	--	--	--	---	--	---	---	--

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
Bloque 1. O sentido relixioso do home. UD1: Buscamos a felicidade		
A experiencia de pecado nos relatos das relixións antigas. O perdón como necesidade do ser humano.	1. Descubrir nos relatos das relixións antigas a experiencia do pecado humano.	1.1 Localiza e describe situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas. 1.2 Cualifica o tipo de pecado en situacións do seu ámbito e compáraas coas atopadas nos relatos das relixións antigas.
	2. Identificar a necesidade do perdón para ser feliz.	2.1 Recorda e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.
Bloque 2. A revelación: Deus intervén na Historia. UD2: Unha nova oportunidade de ser feliz		
O relato do pecado orixinal: o home quere suplantar a Deus. Deus está sempre disposto ao perdón. Infidelidade á misión encomendada por Deus na historia de David. David sente na súa vida a necesidade de redención. Deus fiel promete un Mesías.	1. Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.	1.1 Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaas a situacións actuais. 1.2 Recorda e narra acontecementos actuais nos que se rexeitou a amizade con Deus.
	2. Coñecer as características do perdón de Deus.	2.1 Descubre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.
	3. Memorizar momentos da historia de David nos que abusa da misión encomendada por Deus.	3.1 Identifica e describe comportamentos da vida do rei David que se opoñen á vontade de Deus.
	4. Descubrir e valorar a razón pola que David sente a	4.1 Compara a actitude de David con situacións persoais nas que sentiu a

	necesidade de redención.	necesidade de ser perdoado. 4.2 Recoñece e expresa artisticamente escenas da historia de David nas que Deus o perdoa.
	5. Aprender e recordar historias bíblicas nas que Deus promete o Mesías.	5.1 Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías.
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación. UD3: ¡ Chega Xesús, o Mesías! / UD4: Aprendemos a perdoar / UD5: Os preferidos de Xesús		
O perdón de Deus: accións e parábolas de Xesús. Amizade e preferencia de Xesús polos máis débiles e necesitados. Xesús cumpre a vontade do Padre: paixón e morte de Xesús.	1. Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.	1.1 Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.
	2. Memorizar algunhas das accións onde Xesús concede o perdón.	2.1 Visualiza, en obras de arte, escenas de perdón e explícaas.
	3. Recoñecer a iniciativa de Xesús polos máis necesitados e os enfermos.	3.1 Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos, nos textos evanxélicos.
	4. Comprender e apreciar que, na súa paixón e morte, Xesús está a cumprir a vontade do Padre.	4.1 Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Padre. 4.2 Distingue e explica frases do relato da oración do Horto das Oliveiras que expresan a obediencia de Jesús ao Padre.
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa. UD6: Somos valentes / UD7: Somos luz		
O sacramento da reconciliación. A celebración da eucaristía. A coresma: tempo penitencial.	1. Explicar que a través do sacramento da Reconciliación Deus concede o perdón.	1.1 Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus. 1.2 Describe os pasos da celebración do sacramento do Perdón.
	2. Diferenciar signos e momentos da celebración eucarística.	2.1 Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.
	3. Coñecer trazos da Coresma como tempo penitencial.	3.1 Investiga e presenta con diversos recursos obras e institucións da Igrexa de carácter penitencial.

UNIDADES DIDÁCTICAS: ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL

RELIXIÓN CATÓLICA 4ºEP

Unidade	Contidos	Tempo aprox.
1. Buscamos a felicidade	1. As persoas desexamos vivir felices. 2. A Biblia fálanos de Adán e Eva. 3. Os mitos das relixións antigas. 4. Xesús invítanos a vivir segundo o plan de Deus. Movo o meu pensamento: «Cor, símbolo, imaxe».	4 sesións
2. Unha nova oportunidade de ser feliz	1. A Biblia fálanos de David. 2. O perdón devolve a felicidade. 3. A Creación é a nosa casa. Movo o meu pensamento: «Principio, medio, final».	4 sesións
3. ¡ Chega Xesús, o Mesías!	1. Aprendemos a usar a Biblia. 2. A Biblia fálanos da promesa. 3. María acepta ser a Nai do Mesías. Movo o meu pensamento: «Penso, interésame, investigo». Tarefa Integrada: Advento e Nadal	5 sesións
4. Aprendemos a perdoar	1. A Biblia fálanos das parábolas de Xesús. 2. A Biblia fálanos da parábola do pai bo. 3. Xesús perdoa e ensina a perdoar. Movo o meu pensamento: «O semáforo».	4 sesións
5. Os preferidos de Xesús	1. A Biblia fálanos dos preferidos de Xesús. 2. O compromiso de Xesús cos máis débiles e necesitados. 3. O compromiso dos cristiáns e as cristiás. Movo o meu pensamento: «Titulares». Tarefa integrada: As parábolas.	5 sesións
6. Somos valentes	1. Os cristiáns aprenden de Xesús. 2. A Coresma é un tempo para cambiar. 3. A Biblia fálanos de como Xesús obedece ao Padre. Movo o meu pensamento: «Círculos de puntos de vista».	4 sesións
7. Somos luz	1. Ser luz e esperanza do mundo con Xesús. 2. O sacramento da Reconciliación.	4 sesións

	3. O sacramento da Eucaristía. Movo o meu pensamento: «Dez veces dous».	
--	--	--

6. METODOLOGIA. ORIENTACIÓN DIDÁCTICAS

a) Metodoloxía xeral e específica.

A inclusión da materia de Relixión Católica responde, en primeiro lugar, á importancia que esta materia ten dentro da educación para que o alumno poida conseguir un desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade. A necesidade de sentido do ser humano é unha evidencia á que a escola necesariamente debe dar resposta. A educación da dimensión relixiosa é parte fundamental para a maduración da persoa. Non podería existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se permitise o desenvolvemento de todas as dimensións inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa a relixiosa. Esta capacidade básica da persoa adquire o seu auténtico cumprimento cando se descobre o sentido da vida. O ensino de Relixión Católica nos centros escolares axudará aos estudantes a ensanchar os espazos da racionalidade e adoptar unha actitude de apertura ao sentido relixioso da vida, sexa cal sexa a súa manifestación concreta.

Para responder a estes retos propónse unha metodoloxía focalizada no desenvolvemento das competencias clave e as intelixencias múltiples.

A integración das **competencias** e as **intelixencias múltiples** na área leva consigo insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita) e poñer en práctica estratexias didácticas que teñan en conta as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a. Isto conséguese:

- Nas propostas de traballo cooperativo.
- Nas dobres páxinas ao final de cada unidade didáctica do libro do alumno / a.
- Nas **actividades competenciales** e de **intelixencias múltiples**.

Mediante as tarefas integradas, os alumnos poden desenvolver as súas capacidades en torno á planificación do traballo, a selección dun tema de interese, os contidos e os materiais que serán utilizados, en relación coa elaboración e a presentación, a súa corrección e, finalmente, a exposición, todo baixo un prisma de colaboración e intercambio entre iguais. En definitiva, predomina o traballo cooperativo, que permite desenvolver a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e a comprensión das opinións alleas, así como a reflexión sobre as ideas propias.

Á hora de avaliar, a **rúbrica de avaliación** convértese para o profesor/a nun instrumento ou unha guía dunha serie de criterios avaliábeis de coñecementos e competencias, en diferentes graos de consecución, logrados por o alumno/a.

O **uso das TIC** é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, xa que nos permite motivar ao alumno/a, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, xeneralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de síntese e a transferencia do coñecemento.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que formulan:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Incorporación progresiva e coidada de novos coñecementos, mediante exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a de 4º curso de Primaria, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes na vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias propias da materia.
- Exercicios e actividades diversificadas que teñen en conta competencias e intelixencias múltiples: traballo individual, traballo cooperativo en grupo e en tarefas integradas, uso das TIC e actividades que traballan contidos fundamentais. Están secuenciados por niveis de dificultade, abordan diversos estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias a todos os alumnos.

A materia de relixión católica utilizará unha metodoloxía que respectará os seguintes principios:

- Recoñecemento do rol do docente. O docente é peza clave na elaboración e implementación de actividades de aula axustadas ao grupo concreto que está a ensinar. Conferencia Episcopal Española Currículo de Relixión e Moral Católica. A súa formación resulta, polo tanto, fundamental á hora de garantir o éxito do proceso de aprendizaxe.
- Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito axeitado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.
- Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental.
- Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes estarán ao servizo da formación humana. A materia de relixión, dende a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentais, cognitivas, actitudinais, socio afectivos non sexan considerados fin en si mesmo senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano.
- Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes. Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes así como dos coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa.
- Seguimento dos criterios de avaliación educativa. Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe; e sumativa ao final do proceso, de maneira que se avalíe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garantirá unha valoración axeitada da dedicación, esforzo e rendemento de todos os estudantes.
- Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativa. O estudo e reflexión do cristianismo, por o seu intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe

cooperativa.

- Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. O ensino da relixión promoverá a utilización da tecnoloxía da información e a comunicación non só dun xeito instrumental, que resulte útil ao estudante na busca de información ou na resolución de problemas formulados na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético. As redes sociais ou as ferramentas de construción e manipulación de imaxes, por exemplo, son instrumentos que permiten novas formas de expresión da cultura e a identidade persoal que hai que aprender a dominar.

Materiais e recursos didácticos

Relación dos diversos materiais e recursos didácticos para abordar a materia de Relixión Católica para o 4º Curso da Educación Primaria.

- Libro de texto Relixión Católica 4 EP.
- Murais.
- Caderno de relatos bíblicos: Ao encontro de Xesús 4.
- Fichas modificables: de adaptación curricular básica e ampliación e fichas de avaliación.
- Xogos, láminas de rutinas de pensamento e láminas de roles de traballo cooperativo.
- CD audio Cantamos a Biblia 4.
- Bits de arte.
- Caderno Vida de san Xosé de Calasanz.
- Paletas de IIMM (intelixencias múltiples) e Aps (aprendizaxe e servizo).
- Recursos dixitais.

Outros recursos

- Lousa dixital.
- Novo Testamento ou Biblia.
- Dicionario e atlas.
- Material funxible.
- Enciclopedia on line ou en papel.

En canto á distribución do espazo, trátase de explicitar en qué espazos se desenvolverán as aprendizaxes e a diversidade de propostas establecidas.

Espazos	Secuencia
<ul style="list-style-type: none">• Aula: <p>Adaptable segundo as actividades (orais escritas proxectos, con lousa dixital, canón, ...).</p> <p>A disposición permitirá desprazarse con facilidade polos distintos espazos, os materiais</p>	<ul style="list-style-type: none">• Motivación inicial e activación de coñecementos previos.• Desenvolvemento dos contidos e

<p>estarán ao alcance dos nenos e nenas para que traballen de forma autónoma.</p> <p>Distribución posible en grupos, asemblea, cantos de xogo e traballo individual.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Espazos comúns: <p>Patios, corredores, ximnasio, comedor, biblioteca do centro, sala de informática...</p> <ul style="list-style-type: none"> • Espazos exteriores (casa, biblioteca, visitas, ...): <p>Traballos cooperativos, exercicios de aplicación, consolidación e estudo autónomo.</p>	<p>actividades.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades de reforzo e / ou ampliación. • Avaliación.
--	--

AVALIACIÓN DO ALUMNADO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- Descubrir nos relatos das relixións antigas a experiencia do pecado humano.
- Identificar a necesidade do perdón para ser feliz.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.
- Coñecer as características do perdón de Deus.
- Memorizar momentos da historia de David nos que abusa da misión encomendada por Deus.
- Descubrir e valorar a razón pola que David sente a necesidade de redención.
- Aprender e recordar historias bíblicas nas que Deus promete o Mesías.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.
- Memorizar algunhas das accións onde Xesús concede o perdón.
- Recoñecer a iniciativa de Xesús polos máis necesitados e os enfermos.
- Comprender e apreciar que, na súa paixón e morte, Xesús está a cumprir a vontade do Padre.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- Explicar que a través do sacramento da Reconciliación Deus concede o perdón.
- Diferenciar signos e momentos da celebración eucarística.
- Coñecer trazos da Coresma como tempo penitencial.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- Localiza e describe situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas.
- Cualifica o tipo de pecado en situacións do seu ámbito e compáraas coas atopadas nos relatos das relixións antigas.
- Recorda e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con ÉL, e aplícaas a situacións actuais.
- Recorda e narra acontecementos actuais nos que se rexeitou a amizade con Deus.
- Descubre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.
- Identifica e describe comportamentos da vida do rei David que se opoñen á vontade de Deus.
- Compara a actitude de David con situacións persoais nas que sentiu a necesidade de ser perdoado.
- Recoñece e expresa artisticamente escenas da historia de David nas que Deus o perdoa.
- Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.
- Visualiza, en obras de arte, escenas de perdón e explícaas.
- Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos, nos textos evanxélicos.
- Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Padre.
- Distingue e explica frases do relato da oración do Horto das Oliveiras que expresan a obediencia de Xesús ao Padre.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus.
- Describe os pasos da celebración do sacramento do Perdón.
- Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.
- Investiga e presenta con diversos recursos obras e institucións da Igrexa de carácter penitencial.

AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS. RÚBRICAS.

INDICADORES	Niveis de desempeño			
	1 Pouco axeitado	2 Axeitado	3 Moi axeitado	4 Excelente
Recoñece que as persoas son felices cando aman e identifica cando se sente feliz.				
Sabe identificar situacións que necesitan perdón e recoñece que o perdón é necesario para vivir felices.				
Identifica o rexeitamento á amizade con Deus como orixe do pecado no relato bíblico do xardín do Edén.				
Recorda acontecementos actuais nos que se rexeitou a amizade con Deus.				
Localiza e describe situacións de pecado descubertas en relatos das relixións antigas.				
Descobre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.				
Identifica e describe comportamentos da vida do rei David que se opoñen á vontade de Deus.				
Compara a actitude de David con situacións persoais nas que sentiu a necesidade de ser perdoado.				
Recoñece e expresa artisticamente escenas da historia de David nas que Deus o perdoa.				
Descobre a misión dos profetas por medio dalgúns relatos bíblicos.				

INDICADORES	Niveis de desempeño			
	1 Pouco axeitado	2 Axeitado	3 Moi axeitado	4 Excelente
Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías.				
Recoñece e expresa a importancia e a alegría de María ao ser elixida por Deus.				
Comprende o significado da parábola do fariseo e o publicano e relaciónaa coa actitude necesaria para acoller o perdón.				
Reconstrúe a parábola do pai bo e identifica os seus personaxes nunha pintura.				
Relaciona as actitudes e a mensaxe que transmiten as parábolas do perdón con situacións actuais.				
Memoriza accións onde Xesús concede o perdón e ensina a perdoar.				
Coñece quen eran os máis necesitados no tempo de Xesús e quen son as persoas necesitadas do seu ámbito e da sociedade actual.				
Comenta e analiza os relatos evanxélicos que mostran como actúa Xesús cos máis necesitados.				
Relaciona as obras de Xesús cos máis pobres e necesitados coas obras de misericordia dos cristiáns.				
Secuencia ordenadamente escenas da historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co				

INDICADORES	Niveis de desempeño			
	1 Pouco axeitado	2 Axeitado	3 Moi axeitado	4 Excelente
Pai.				
Distingue e explica frases do relato da oración do Horto das Oliveiras que expresan a obediencia de Xesús ao Padre.				
Investiga e presenta con diversos recursos obras e institucións da Igrexa que axudan aos que máis o necesitan.				
Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus.				
Describe os pasos da celebración do Sacramento do Perdón.				
Diferenza os signos da celebración eucarística e coñece o seu significado.				
Vincula cada signo ao seu correspondente momento na celebración eucarística.				

b) Instrumentos de avaliación.

Trátase de elaborar unha relación da diversidade de procedementos e instrumentos que permiten avaliar ao alumno/a nesta área:

	Procedementos			
	Escritos	Orais	Observación directa e sistemática	Outros
<i>Instrumentos</i>	<ul style="list-style-type: none">• Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.• Caderno de clase do alumno.• Actividades de avaliación (libro, fichas modificables, probas escritas individuais, ...).• Traballos de grupo.• Resolución de exercicios.• Actividades interactivas.	<ul style="list-style-type: none">• Preguntas individuais e grupales.• Participación do alumno/a.• Intervencións na clase.• Postas en común.• Entrevistas.• Probas orais individuais.• Exposicións orais.	<ul style="list-style-type: none">• Escalas.• Listas de control.• Rexistros anecdóticos persoais.• Rexistros de incidencias.• Ficha de rexistro individual.	<ul style="list-style-type: none">• Rúbricas de avaliación (Aprendizaxes, Habilidades xerais).• Equipo de avaliación.• Autoavaliación.• Blog do profesor.

c) Criterios de cualificación.

